

OS PRODUTOS QUÍMICOS NO AGRO

Os **A**TENDE **Agro** do Issga



Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral



GALICIA
inviste no RURAL



OS PRODUTOS QUÍMICOS NO AGRO

ÍNDICE

Os produtos químicos	1
Riscos no traballo con produtos químicos perigosos.....	2
Como podo saber se os produtos que manipulo son perigosos?.....	3
Como evitar riscos ao traballar con estes produtos? Parte I.....	4
Como evitar riscos ao traballar con estes produtos? Parte II.....	5
Outras situacións nas que pode haber risco. Parte I.....	6
Outras situacións nas que pode haber risco. Parte II.....	7
Primeiros auxilios ante o contacto.....	8
Lexislación.....	9

Autoría: Ana María Vázquez Rodríguez, técnica superior en Prevención de Riscos Laborais
Lucía Ferrón Vidán, técnica do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Coordinación: Raquel Blanco Silva, técnica do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Edición: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (maio 2014)

Deseño e maquetación: Juli Molares

Depósito legal: C 965 – 2014

OS PRODUTOS QUÍMICOS NO AGRO

Nos lugares de traballo do mundo rural recórrase a gran variedade de produtos químicos para distintas finalidades



■ TRABALLOS RELACIONADOS COA GANDERÍA

Produtos de limpeza e desinfección para as instalacións

Medicamentos veterinarios

Biocidas ...



■ TRABALLOS RELACIONADOS COA AGRICULTURA

Fertilizantes

Produtos fitosanitarios

Outros praguicidas...



■ OUTROS TRABALLOS

Utilización de sosa cáustica na fabricación de xabón

Lubricantes e carburantes para a maquinaria agrícola

Disolventes, vernices e pinturas nos traballos de reparación...

RISCOS NO TRABALLO CON PRODUTOS QUÍMICOS PERIGOSOS

Algúns dos produtos manexados no agro poden resultar perigosos:

■ PARA A SEGURIDADE

Poden provocar un incendio ou unha explosión



■ PARA A SAÚDE, XA QUE PODEN PROVOCAR:



Intoxicación por inhalalos ou inxerilos (dor de cabeza, náuseas, asfixia..)



Dermatite ou queimaduras nos ollos ou na pel ao manipularlos sen protección



Enfermidades distintas e de diferente gravidade, incluso cancro

Estes danos vanse producir se penetran no noso corpo:

.Ao respiralos (vía inhalatoria)

.Pola pel (vía dérmica)

.Ao inxerilos (vía dixestiva). Por exemplo, se tocamos obxectos contaminados e logo levamos as mans á boca ou comemos alimentos sen lavar as mans

■ PARA O MEDIO


Son danos para a fauna, a flora, ou destrúen a capa de ozono... e por iso non se poden verter de maneira incontrolada



COMO PODO SABER SE OS PRODUTOS QUE MANIPULO SON PERIGOSOS?

Se son produtos comprados, pola súa etiqueta: son exemplos os fertilizantes, fitosanitarios, biocidas, produtos de limpeza e desinfección, disolventes, pinturas...

■ **A ETIQUETA** dun produto químico perigoso non só nos informa das súas propiedades perigosas senón que tamén nos indica as principais medidas de seguridade que se deben adoptar cando manexamos o produto



Estes produtos perigosos deben vir acompañados dun folleto con máis información:

■ **A FICHA DE DATOS DE SEGURIDADE**

DEBE VIR POLO MENOS EN CASTELÁN E CONTER 16 APARTADOS

1 IDENTIFICACIÓN DE LA SUSTANCIA O LA MEZCLA Y DE LA SOCIEDAD O EMPRESA

1.1 Identificador del producto: DISOLVENTE UNIVERSAL

1.2 Usos pertinentes identificados de la sustancia o de la mezcla y usos desaconsejados: Diluyente para la aplicación de pinturas y barnices. Uso exclusivo profesional.

1.3 Datos del proveedor de la ficha de datos de seguridad:

1.4 Teléfono de emergencia: +34916421937 (8:00 - 18:00)

2 IDENTIFICACIÓN DE LOS PELIGROS

2.1 Clasificación: Reglamento nº1272/2008 (CLP): La clasificación de este producto se ha realizado conforme el Reglamento nº1272/2008 (CLP).
 Agudo Tox. 3: Toxicidad aguda por ingestión, Categoría 3
 Agudo Tox. 4: Toxicidad aguda por contacto con la piel, Categoría 4
 Agudo Tox. 4: Toxicidad aguda por inhalación, Categoría 4

2.2 Elementos de la etiqueta: Reglamento nº1272/2008 (CLP):
 Peligro

6 MEDIDAS EN CASO DE VERTIDO ACCIDENTAL

6.3 Métodos y material de contención y de limpieza: Absorber el vertido mediante arena o absorbente inerte y trasladarlo a un lugar seguro. No absorber en serrín u otros absorbentes combustibles. Para cualquier consideración relativa a la eliminación consultar el epígrafe 13

COÑECE os perigos asociados ao produto químico

INDAGA como actuar se tes algún percance co produto

7 MANIPULACIÓN Y ALMACENAMIENTO

7.1 Precauciones para una manipulación segura: Tránsalos en lugares bien ventilados, preferentemente mediante extracción localizada. Controlar totalmente los focos de ignición (teléfonos móviles, cigarrillos, ...) y ventilar en las operaciones de limpieza. Evitar la existencia de atmósferas peligrosas en el interior de recipientes, aplicando en lo posible sistemas de inertización. Tránsalos a velocidades lentas para evitar la generación de cargas electrostáticas. Ante la posibilidad de existencia de cargas electrostáticas: asegurar una perfecta conexión equipotencial; utilizar siempre tomas de tierra; no emplear ropa de trabajo de fibras sintéticas, empleando preferentemente ropa de algodón y calzado conductor. Evitar las proyecciones y pulverizaciones. Cumplir con los requisitos esenciales de seguridad para equipos y sistemas definidos en el R.D.400/1996 (ATEX 100) y con las disposiciones mínimas para la protección de la seguridad y salud de los trabajadores bajo los criterios de elección del R.D. 681/2003 (ATEX 137). Consultar el epígrafe 10 para sobre condiciones y materiales que deben evitarse.

C.- Recomendaciones técnicas para prevenir riesgos ergonómicos y toxicológicos. LAS MUJERES EMBARAZADAS NO DEBEN EXPONERSE A ESTE PRODUCTO.

7.2 Controles de la exposición:

B.- Protección respiratoria:

Protección PRL	SP	Marca	Normas CE	Observaciones
Protección obligatoria del tipo de respirador	Máscara autofiltrante para gases y vapores	CE CAT III	EN 405:2003+A1:2008	Reemplazar cuando se detecte olor o sabor del contaminante en el interior de la máscara o adaptador facial. Cuando el contaminante no tiene buenas propiedades de aviso se recomienda el uso de equipos autónomos.

C.- Protección específica de las manos:

Protección PRL	SP	Marca	Normas CE	Observaciones
Protección obligatoria de la mano	Gaútes NO desechables de protección química	CE CAT III	EN 374-1:2003 EN 374-2:2003 EN 374-3:2003 EN 430:2003+A1:2008	El tiempo de paso (Breakthrough Time) indicado por el fabricante ha de ser superior al del tiempo de uso del producto. No emplear cremas protectoras después del contacto del producto con la piel.

MANIPULA e almacena o produto segundo as instrucións do fabricante

INFÓRMATE sobre como debes protexerte

COMO EVITAR RISCOS AO TRABALLAR CON ESTES PRODUTOS? PARTE I

Segue sempre as instrucións da etiqueta e da ficha de datos de seguridade: doses, equipos de protección como guantes, máscaras respiratorias... e formas de uso

ESTAS SON ALGUNHAS RECOMENDACIÓNS IMPORTANTES:



Almacénaos en lugares con boa ventilación. Ten en conta as incompatibilidades entre produtos



Deixa sempre os envases que uses ben pechados, non debe haber perdas nin derramos. Mantenos abertos o tempo imprescindible. Nunca mestures produtos químicos entre si. Protéxeos do sol



Se non tes máis remedio que transvasar produtos identifica ben o produto no novo envase e usa sempre envases adecuados



Cando manipules concentrados de produto ou fagas transvasamentos debes ser especialmente escrupuloso coas medidas preventivas



Se tes que pulverizar ou asperxer un determinado produto vixía a dirección do vento para que non te veña encima a ti ou a outras persoas



Olo coa ventilación!. Cando traballes en lugares pechados ou mal ventilados, extrema a protección e usa equipos de protección respiratoria (traballos en invernadoiros, limpeza de tanques e cubas...)

COMO EVITAR RISCOS AO TRABALLAR CON ESTES PRODUTOS? PARTE II



Evita usar produtos que poidan provocar alerxia, cancro, danos á reprodución. Se existen no mercado cámbiaos por outros que non teñan eses riscos e sirvan para o mesmo
Consulta as etiquetas!



Se tes cortes, feridas, irritacións ou rabuñaduras na pel debes tapalas antes de manexar un produto químico. Son unha porta aberta de entrada aos contaminantes



Os medicamentos non teñen ficha de datos de seguridade pero veñen cun prospecto. Segue as indicacións de uso, as de conservación e eliminación e as precaucións particulares de uso se as houber



Se na embalaxe dos medicamentos aparecen as letras AV, só o veterinario poderá darlle a medicina



Non comas bebas nin fumes se estiveches a usar un produto químico. Antes lava ben as mans con auga e xabón



Non mestures a roupa de traballo contaminada con produtos químicos coa túa roupa



Mantén o orde e a limpeza nos lugares de traballo. Elimina os residuos adecuadamente



O teu médico debe saber que produtos químicos utilizas habitualmente no teu traballo para poder actuar canto antes se estes estivesen a afectar a túa saúde

OUTRAS SITUACIÓNS NAS QUE PODE HABER RISCO. PARTE I



Inhalar cantidade de po en xeral pode provocar danos ao noso sistema respiratorio e algúns tipos de po son especialmente perigosos, como o que se produce no serrado dalgunhas madeiras



As tarefas de limpeza dos silos onde se almacena penso, fariña, cereais...son perigosas. Pódese inhalar cantidade importante de po, hai que usar sempre protección respiratoria (máscara con filtro para partículas)



Os pos de natureza orgánica (penso, fariña...) son ademais moi explosivos. Unha faísca producida por electricidade ou por unha reparación na que hai que soldar pode provocar unha explosión



As tarefas de desinfección das cortes e cortellos deben facerse sempre con boa ventilación. Os desinfectantes que se utilizan solen ser perigosos para a saúde



Os praguicidas, tanto para protexer os cultivos como para desparasitar o gando ou os funxicidas para a madeira cortada, poden ser moi perigosos para a saúde. Úsaos responsablemente e seguindo estritamente as instrucións do fabricante



A sosa cáustica, o cal, o ácido nítrico, o ácido fosfórico..., son moi corrosivos. Usa guantes resistentes e protexe especialmente os ollos cando utilices estes ou outros produtos corrosivos

OLLO! Para manipular/aplicar fitosanitarios e biocidas debes ter os carnés de manipulador/aplicador, salvo casos particulares

OUTRAS SITUACIÓNS NAS QUE PODE HABER RISCO. PARTE II



Os fertilizantes a base de nitratos pódense descompoñer por enriba dos 20°C e orixinar un incendio e tamén unha explosión. Almacénaos segundo di a normativa. Nunca fagas soldaduras na súa presenza



Os almacéns de determinados produtos químicos, en cantidades importantes, poden ter que cumprir coa normativa industrial ao respecto. As instalacións con gases a presión tamén teñen que cumprir coa normativa industrial

■ TRABALLOS EN ESPAZOS CONFINADOS:



Evita entrar en espazos confinados, foxos, depresións, depósitos, etc. De ter que facelo, nunca traballes só nestes lugares



Nos depósitos de xurro acumúlanse gases contaminantes perigosos. Nunca entres nun depósito de xurro sen seguir unha rutina, especialmente, baleiralo e ventíllalo antes e utilizar a protección respiratoria correcta



Nas adegas pódense dar situacións de perigo por risco de asfixia, na fermentación, e especialmente na limpeza de cubas. É preferible non entrar nos depósitos para limpalos, se tes que facelo debes ventíllalos antes e seguir ao pé da letra un método previsto

PRIMEROS AUXILIOS ANTE O CONTACTO

■ CONTACTO COA PEL

Lavar con abundante auga durante polo menos 15 minutos

Cubrir a zona e acudir a un centro sanitario coa ficha de datos de seguridade

Actuar de igual xeito se se producise unha queimadura por calor

Nunca se aplicarán outro tipo de substancias como pomadas, cremas, pasta de dentes... só auga



■ SALPICADURAS AOS OLLOS

Débese usar unha fonte lavaollos ou polo menos ter un frasco de lavado de ollos e actuar axiña aplicando auga durante 15 minutos

Débese forzar a apertura das pálpebras



■ INTOXICACIÓN POR INHALACIÓN

Levar inmediatamente a persoa a unha área non contaminada e ventilar a área afectada

Se fose necesario e houberse persoal preparado, facer unha reanimación cardio pulmonar (RCP) mentres que non chega a axuda médica

Se se posúe a ficha de datos de seguridade do material inhalado, deberáselle proporcionar ao persoal médico

Pode ser necesario usar protección respiratoria para sacar a persoa da área afectada

A maior complicación que se pode presentar é unha parada cardiorrespiratoria. Precisas recoñecela e saber facer a reanimación cardio pulmonar (RCP)

1º Determine a consciencia do accidentado movéndoo e falándolle

2º Abra o canal respiratorio tirando da cabeza cara atrás e cara arriba e comprobe que respira

3º Se o resultado é negativo, avise a emerxencias e inicie RCP

4º Comece coas compresións cardíacas, intercalando insuflacións de aire nos pulmóns do accidentado

SECUENCIA:

2 insuflacións de aire por cada 30 compresións cardíacas

RITMO:

100 compresións cardíacas por minuto

Comprobe periodicamente o estado do paciente

■ INTOXICACIÓN DIXESTIVA

O tratamento é diferente para cada produto

Débese chamar inmediatamente o Servizo de Información Toxicolóxica (915 62 04 20) e proporcionarlle a información da etiqueta e da ficha de datos de seguridade

É moi importante a atención médica rápida



LEXISLACIÓN

Recompilación non exhaustiva de lexislación sobre produtos químicos e sobre prevención de riscos no traballo con axentes químicos perigosos

Regulamento (CE) nº 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das substancias e preparados químicos (REACH), polo que se crea a Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos, se modifica a Directiva 1999/45/CE e se derrogan o Regulamento (CEE) nº 793/93 do Consello e o Regulamento (CE) nº 1488/94 da Comisión así como a Directiva 76/769/CEE do Consello e as Directivas 91/155/CEE, 93/67/CEE, 93/105/CE e 2000/21/CE da Comisión

Regulamento (CE) nº 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e derrogan as Directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) nº 1907/2006

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE do 10/11/1995)

Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas (BOE do 05/06/1995)

Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención (BOE do 31/01/1997)

Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo (BOE do 23/04/1997)

Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo (BOE do 24/05/1997)

Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual (BOE do 12/06/1997)

Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores de equipos de traballo (BOE do 07/08/1997)

Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo (BOE do 01/05/2001)

Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos (BOE do 04/03/2003)



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral



galicia

Os **ATENDE** Agro
do Issga

OS PRODUCTOS QUÍMICOS
NO AGRO



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA
DE GALICIA